

**Modificación da Resolución do 29 de febreiro de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convocan estadías formativas en empresas ou organismos equiparado para o ano 2024 destinadas ao profesorado dos corpos e das especialidades vinculadas ás ensinanzas de formación profesional inicial e das artes plásticas e deseño.**

Con data 4 de marzo de 2024 publicouse a Resolución do 29 de febreiro de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convocan estadías formativas en empresas ou organismos equiparado para o ano 2024 destinadas ao profesorado dos corpos e das especialidades vinculadas ás ensinanzas de formación profesional inicial e das artes plásticas e deseño.

Unha vez visto o número de solicitudes admitidas así como os importes afectados, co gallo de aumentar a eficiencia do gasto desta convocatoria cómpre modificar a resolución antedita nos seguintes termos:

No artigo 3, punto 2, onde di:

As prazas non cubertas polas persoas candidatas nunha das modalidades poderán ser acumuladas na outra.

Debe dicir:

As prazas non cubertas polas persoas candidatas nunha das modalidades poderán ser acumuladas na outra. En caso de non superar o importe máximo do crédito previsto nesta convocatoria poderá aumentarse o número total de prazas ofertadas inicialmente.

Santiago de Compostela

María Eugenia Pérez Fernández

A directora xeral de Formación Profesional

